



Asociación Cultural TANXEDOIRA

Asociación Cultural.

BARRIO DE LAS FLORES, C/ AZAHAR, BLOQUE 48, 15008 - A CORUÑA

Tfno: 981 139 160

WEB: www.tanxedoira.org

E-MAIL: atanxedoira@yahoo.es

Noviembre 2010

CONTO DO SAMAÍN

Corre, corre cabaciña!



Nunha aldea vivía unha velliña que recibiu a carta da súa neta dicíndolle que se ía casar. A avoa púxose contentísima, vestiuse de guapa, colleu o bolso e as chaves, pechou a porta e alá marchou polos camiños, á voda da súa netiña. Cando ía polo camiño atopouse cun lobo feroz que lle dixo: "Vella, velliña, ven aquí que te vou papar". E lle dixo a velliña: "Non me comas ho, que vou para a voda da miña neta e cando volva estarei máis gordiña". O lobo pensou un pouco e, como viu que tiña razón, deixouna marchar. Un pouquiño máis adiante en-

controuse cun oso que tiña moita cara de fame que lle dixo: "Vella, velliña, ven aquí que te vou papar". E lle dixo a velliña: "Non me comas ho, que vou para a voda da miña neta e cando volva estarei máis gordiña". O oso pensou un pouco e, como viu que tiña razón, deixouna marchar. Ó pouco, se encontrou cun león que non comara nunha semana e lle dixo: "Vella, velliña, ven aquí que te vou papar!". E a vella lle dixo: "Non me comas ho, que vou para a voda da miña netiña e cando volva estarei máis gordiña". Por fin, a avoa chegou á voda da súa neta. Estaba contentísima: bailou, comeu, dou saltos e ata cantou coa orquestra. Cando xa chegaba a hora de marchar para a casa, a neta lle preguntou: "Qué te pasa avoiña, non o pasa-

ches ben?".

- Pasei netiña, paseino moi ben pero e que... - e contoulle o seus tres encontros. A neta quedou pensando un pouco e pronto se lle ocorreu unha idea. Era o tempo do Samaín, e na horta medraban as cabazas, colleu a máis grande, valeirouna, fíxolle os ollos e a boca, uns buratos para meter os brazos e as pernas e meteu a súa avoa dentro.

Con este disfraz marchou a avoa para a casa. Primeiro atopou ó león que lle preguntou: "Cabaza, non viches por ahí unha velliña?".

E a vella lle dixo: "Nin vella nin velliña, nin velliña nin vellón. Corre corre cabaciña, corre corre cabazón."

Despois se atopou co oso, que lle preguntou: "Cabaza, non viches por ahí a unha

velliña?. E a vella lle dixo: "Nin vella nin velliña, nin velliña nin vellón. Corre corre cabaciña, corre corre cabazón."

De alí un pouco atopou ó lobo que lle preguntou: "Cabaza, non viches por ahí a unha velliña?. E a vella lle dixo: "Nin vella nin velliña, nin velliña nin vellón. Corre, corre cabaciña, corre corre cabazón."

E de esta maneira, correndo metida dentro dunha gran cabaza, tal como se fora unha caveira do Samaín, chegou a súa casa dunha peza. E qué foi das tres feras?. Pois hai quen conta, que aínda seguen buscando á velliña polos camiños con cara de pampos.

E colorín colorete, pola chimenea sae un foguete.

Sara.

CONTENIDO

Actuación Rondalla Carlos Seijo.	2
Festa do Samaín.	2
Triangular de futbol.	2
Horario Directiva.	2
LOTERIA.	2
Homenaxe a Ricardo Della Casa.	3
Festival Fin de Curso.	3
Visita ao Castro de Elviña.	4
Visita ao Cárcere.	4

ASAMBLEA EXTRAORDINARIA

Día 20 de Noviembre

1ª. Convocatoria 20:30 Horas.

2ª. Convocatoria 21:00 Horas.

CAMBIO DE ESTATUTOS.

Dada la importancia del tema se ruega la asistencia.




ACTUACION RONDALLA CARLOS SEIJO

Dentro del programa de colaboración e intercambio entre Rondallas, tendremos el gusto y el honor de escuchar a la

Rondalla Carlos Seijo de Betanzos

21 DE NOVIEMBRE A LAS 18:00 HORAS

Centro Cívico de los Mallos



**Os esperamos
Entrada Gratuita**

SAMAÍN

Habrà un taller de preparación para la Fiesta del Samaín el sábado

6 de Noviembre de 16:00h a 18:00h

En el que pueden participar Padres e Hijos.

Celebraremos la Fiesta del Samaín en el Local de nuestra Asociación, el Domingo

7 de Noviembre a las 18:00h

Traer Castañas, Postres, en fin lo que cada uno pueda. La Asociación pone las bebidas, y a disfrutar de la fiesta.



HORARIO DIRECTIVA

Días	Horario	Persona
Lunes	18:30 a 19:30H	Leticia Riestra
Martes	17:30 a 19:30H	David Loureiro
Miércoles	19:00 a 20:30H	David Loureiro
Jueves	18:00 a 20:00H	María García
Viernes	18:30 a 21:00H	Raúl Muñoz Jesús García
Sábado	17:00 a 20:30H	Varios

TRIANGULAR FUTBOL

El pasado 10 de Octubre se celebró, en los campos de la Torre, un triangular de fútbol 7 entre los equipos de la Casa de Aragón, la Casa de Andalucía y Tanxedoira organizado por la Casa de Aragón como parte de los actos de la fiesta del Pilar de su asociación. Jugaron 4 partidos muy disputados y, aunque los "tanxedoiros" hicieron todo lo que pudieron, y el público gritaba para darles ánimos, este año no pudimos traer la copa para la

Asociación. De todos modos quedamos en un muy respetable segundo puesto,



¡ Felicidades a los futbolistas! El año que viene volveremos a intentarlo,

AVISO

Las actividades de **PUNTO DE CRUZ y BOLILLOS**

han cambiado de día, pasando a impartirse los Jueves y manteniendo la misma hora.



LOTERIA DE NAVIDAD

Este es el bonito número que juega la Asociación Cultural Tanxedoira.

¿Qué, te gustaría tener un decimo?

No lo dudes, ponte en contacto con Nito, Fina, o pasando por la Asociación en los días y horas que este la directiva.

!! SUERTE !!



«NAVIDAD»
Adornación de los pastores: Retablo de San Juan Bautista. Escuela florentina, siglo XV. Panteón del Sr. Salvador, Valladolid.

5102008020>0512532629

HOMENAXE A RICARDO DELLA CASA

Vaise un actor, vaise-nos un amigo.

Dende o seo do grupo de teatro e da nosa entidade en xeral quere-mos rendir unha sincera homenaxe para un membro deste colectivo, para un amigo.



Desgraciadamente, o vinteún de xuño deixou-nos Ricardo Della Casa logo dunha longa enfermidade. Perico, papel que lle deu sona e polo

que era coñecido e recoñecido, deixaba unha profunda marca alí por onde pasaba. Sempre cunha risa, cunha broma, cunha oportuna indicación escénica. Son moitos os momentos de tensión, nervios, traballo e ocio compartidos.

É unha boa maneira de recordalo é enriba dun escenario facendo teatro, algo co que el disfrutaba e facíanos disfrutar aos demais.

Non quixeramos acabar esta homenaxe sen darlle a noraboa a todos os compoñentes do grupo de teatro, pois, a pesar do que supuxo esta perda para todos eles, souberon sobrepor-se á fatalidade e tentar facernos rir, cando, quizais o sentimento natural non fose ese.

É tamén a súa valía como colectivo humano, ao que Ricardo pertencía e pertence, por-

que, pensando nos que terían sido os desexos do seu compañeiro e amigo, decidiron levar unha representación poucos días despois do seu falecemento.

Moitas grazas polo voso apoio nestes momentos tan difíciles e delicados, sobre todo de parte da súa viuva Carmen Martínez, integrante tamén do grupo de teatro Tanxedoira. E

como diría Chinchorro, outro dos papeis levado a cabo por Ricardo, e tamén o propio Ricardo, **"Iba a decir un refrán muy bonito... y ya no me acuerdo"**.

Até sempre. "Verémonos de novo, aínda que sexa dentro de moitos anos."

Blog Tanxedoira.



FESTIVAL FIN DE CURSO

El festival de fin de curso de este año tuvo lugar en el centro cívico de Mone-los. Tuvimos las actuaciones 'normales' (aunque en Tanxedoira nunca nada es normal) como son la Rondalla, Coro y Teatro. Se hizo la entrega de los obsequios a los monitores, que bien se lo merecen por ofrecer "su arte" de forma tan altruista. Tuvimos actuaciones musicales diferentes como un dúo entre Xulio (nuestro querido y amado director)

y su hijo Ángel, tocando una marimba, curioso instrumento donde los haya que produce un sonido maravilloso y que seguro a más de uno dejó sorprendido. Lo que sin duda más gusto (por lo menos desde mi punto de vista, sobre todo porque fui una de las implicadas) fue re-



tomar la vieja costumbre de realizar actuaciones por parte de las actividades musicales. Este año se preparó una canción por parte de los alumnos de guitarra y flauta. ¡Qué gusto daba escucharlos y sobre todo ver la cara de orgullo de los padres! Para terminar este gran festival nos fuimos todos al local a terminar la comida que nos había sobrado de la cena de la noche anterior: se brindó, se charló, se comió, se bebió, se



jugó ... Un estupendo bro-che para un estupendo fin de curso.

Leticia.

VISITA AO CASTRO DE ELVIÑA

O domingo 4 de xullo de 2010 Tanxedoira foi de visita ao Castro de Elviña, grazas á súa sección de Cultura, dirixida por Miguel Casal. Todos aqueles que quixemos asistir, xuntámonos no aparcamento que está ao lado do noso local social para irmos todos xuntos, dado que o acceso é un pouco complexo a partires do Campus Universitario de Elviña.

Unha vez alí, unha rapaza chamada Fany, valeunos de guía por todo o percorrido. Fixo da visita unha verdadeira clase maxistral (no senso de excelente) de historia, pero dun xeito totalmente didáctico e facéndonos participar (sobre todo aos máis pequenos) con preguntas e cuestións. Inclusive, usou fotos para axudarnos a comprender mellor as dimensións do monumento e todas as súas fases.

Era un pouco difícil separar a etapa castrexa da romana dentro do castro, e máis cando o asentamento está tan romanizado e queda aínda tanto por excavar. Pero grazas a Fany e as respostas dos máis pequenos que xa tiñan asistido á visita cos seus colexios, a visita foi moi instructiva para todos.

Así, o Castro de Elviña, como primeiro asentamento dunha comunidade dentro do actual termo municipal, era un referente obrigado de visita. Convidámosvos a todos a ir alí, recordando que as visitas só se poden facer os domingos pola mañá a partires das once da mañá.

Blog Tanxedoira.



VISITA AO CÁRCERE

O día 9 de xullo de 2010 ás sete da tarde reunímonos no cárcere municipal que está enfrente a Torre de Hércules para realizarmos unha visita guiada, posto que a partir do día 11 de xullo pecharíase para non abrir nunca máis como cárcere.

A verdade é que todos nos quedamos bastante impresionados coa visita. Pensar e ver como eran

as condicións carcerarias dende o antigo até o casi presente poñía os pelos de punta.

Ainda que despois da visita buscamos e lles transmitimos persoalmente o noso agradecemento a quen tivo a amabilidade de compartir o guía coa xente de Tanxedoira é necesario facelo aquí de novo pois dónos a oportunidade entender mellor

as condicións de vida dos penados e tamén poidemos ver parte das instalacións que de non ser por esa amabilidade mos-

trada con nós non poderíamos visitar. Agradecerlle á Concellaría de Cultura esa comunicación e por facilitarnos a visita compartindo o guía.

As distintas dependencias, dende a dos mozos á das mulleres, a biblioteca, a sala dos cacheos, a exposición emotiva de Isabel Coixet e poder ter coñecemento case directo da problemática da convivencia dos penados e como meste edificio construído aproximadamente na meridianeidade do réxime militar de Primo de Rivera, ou como foi prisión para moitos reos fieis á República cando o advenimento do golpe de estado de 1936. Que alí estiveron presos homes e mulleres de profundas conviccións e renome como Benigno Andrade

(Foucellas) antes de ser axusticiado ou moitos dos mestres e funcionarios fieis á mesma cando a depuración. Tamén máis tarde até finais do s. XX foi prisión provincial para reos de delitos comúns. En resume, que aínda agora, xa pasados uns días segue poñendo os pelos de punta pensar o que sería vivir dentro desas xaulas duras e frías, pois non sei se vos fixástedes pero aínda que pegada ao mar non había ningún sistema de calefacción.

Só nos queda desexar que na medida do posible ese edificio sexa transferido para darlle outro uso máis edificante.

Blog Tanxedoira.

